

VIERNES, 14 de diciembre de 2007

REPORTAJE: LUCES

## Arredor dunha obsesión

Un monllo de escritores achegan os seus vieiros de aproximación a un novo libro ou a actitude perante a folla en branco

DANIEL SALGADO | 14 DIC 2007

Archivado en: Literatura Cultura

Pato dubida ao falar do seu traballo en curso. "Coido estar a escribir unha pentalexía que se titula *Método* e da que *M-Talá*

[o seu decisivo libro de poemas publicado no ano 2000] foi a primeira entrega. Ando nun poema que é o quinto libro". A reticencia á hora de se referir ao proxecto en curso domina, porén, a Manuel Rivas. "Estou a elaborar unha obra narrativa cun certo automatismo psíquico", di, "pero tampouco cómpre falar moito do que está a nacer". O autor de *Os libros arden mal*, obra que se atopa na etapa final da tradución ao italiano, ao inglés e ao francés e será presentada a semana que vén en Israel, tamén prepara un libro de poemas.

"René Char escribiu: 'Tés présa por escribir, como se foses con atraso respecto da vida', explícase Rivas, "e andamos niso. Hai que correr". Para o escritor coruñés, a escrita está "unida ao feito respiratorio e neste intre o aparato do osíxeno está conectado". Outro dos galegos que máis libros vende é Agustín Fernández Paz. Autor de auténticos *best sellers*, tal *As flores radioactivas* (1989) ou *Cartas de Inverno* (1995), Fernández Paz refírese a "sementes diferentes" para cada libro. "Un impulso externo, algo que che contan ou unha escena; o primeiro impulso, en calquera caso, sempre ten algo de irracional", considera.

"A imaxinación é a memoria cara a adiante", asegura Suso de Toro

Solleiro, instalado nas Antillas, revelar usar unha "escrita mecánica"

"Nunca empezo un libro polo principio, senón polo medio", di Anxos Sumai

*O único que queda é o amor* titúlase o seu último libro, unha compilación de relatos enfiadas por unha cita do filme *2046*, do cineasta chinés Wong Kar Wai: "Todas as lembranzas son sucros de bágoas". Agustín Fernández Paz atópase, arestora, no traballo previo "de algo que seguramente será unha novela". "Parto dunha imaxe e estou a tirar dos fíos, a ver se aí hai unha historia ou non", declara. Logo da súa popular terceira novela, *Tres segundos de memoria* (2006), Diego Ameixeiras fala doutro libro no que fedella "con moitísima calma". "Aínda non estou certo de que vaia adiante", confesa. Para o creador do detective Horacio Dopico, "o feito de escribir é parte dun proceso que antes pasou pola observación ou polas vivencias que permiten contar algo con garantías".

"No meu caso, a creación literaria é a ficción, a imaxinación, ou sexa, a memoria cara adiante, e preciso envorcarme no asunto, desatender outras cousas; é obsesivo". Así resume a súa relación coa escrita Suso de Toro, un autor que descobre un libro nunha nota mínima recollida da vida cotiá á que lle pregunta: "Que ocorrería se...?". Na recta final da promoción de *Madeira de Zapatero*, De Toro está a piques de se embarcar nun proxecto no que viaxa á terra do seu pai: "Quero investigar a orixe do meu apelido, no sur da provincia de Zamora; saber que foi dun meu avó ao que lle

perdemos a pista en Cuba". Nun ángulo diferente móvese Anxos Sumai. Coa presentación da súa primeira novela -antes publicara os misceláneos *Anxos de garda* (2003) e *Melodía de días usados* (2005)- en marcha, *Así nacen as baleas*, Sumai funda as súas obras sobre "o absolutamente obsesivo". "Nunca empezo un libro polo principio, máis ben polo medio; abráianme os escritores que traballan con estruturas previas". Anxos Sumai leva na cabeza o seu vindeiro traballo, no que cuestiona a normalidade da institución familiar.

Xavier Queipo rematou un libro de poemas en prosa. "Igual o presento a algún premio, coa esperanza de que non mo dean e así reafirmarme no papel de vítima", ironiza. Sobre o suposto medo escénico perante a folla en branco, asegura: "É a folla a que me ten medo a min, porque sabe que lle vou poñer algo enriba". Tampouco o prolífico Santiago Jaureguizar sabe de tensións co soporte virxe. "Máis ben teño problemas para atopar un intre para enfrontarme ao folio en branco", relata, "e a miña carpeta de proxectos abeira dez temas". Jaureguizar prepara para 2008 dúas novelas e a súa condición profesional de xornalista axúdao: "Estou afeito a traballar ás présas, no medio de 50 persoas dando voces e tres teléfonos soando".

Samuel Solleiro botou á rúa hai un ano o contundente *dz ou o libro do esperma*. Laboralmente instalado na Illa de Guadalupe, nas Antillas, Solleiro revela usar "unha escrita mecánica". "Non é moi diferente de cando fago a lista da compra; coa folla en branco, o meu non é un problema de medo, senón de preguiza e desorganización". O escritor tudense ultima "a primeira versión de algo que vai ser un libro de poemas aínda que case todo está en prosa e hai trama narrativa". "Nunca me enfronto á páxina: escribo 22 horas na cabeza e dúas no papel", indica Xurxo Borrazás, quen conta "a curiosidade" coa que se dispón "á mente en branco, non á folla, até que me sorprenda". Borrazás, que deu á luz *Ser ou non* en 2004, perfila as correccións da súa tradución ao galego d'*O ruído e a furia*, de William Faulkner.

"Gozo tanto ao escribir que nunca penso na publicación; o primeiro intre, no que a novela arrinca non me gusta, quédome coas páxinas nas que empezo a ouvir os personaxes". Diserta Rosa Aneiros e faino arredor das seis horas diarias que pode dedicar á elaboración dunha novela. A día de hoxe conta xa tres anos de traballo nun libro sobre "como se constrúe a memoria individual". O epígrafe *Pan e coitelo* encabeza a novela de Bieito Iglesias que a editorial xa ten lista para publicación. "O problema de cando estou a escribir unha novela é evitar pensar na seguinte", apunta, "pero o que continúa a ser un misterio é esa chispa primeira: no meu caso son cousas que fermentan longo tempo na cabeza e tardan en manifestarse. De todos os xeitos, o relato é máis bonito cando o pensas que cando o escribes".

Xavier Alcalá puxo punto e final á súa triloxía sobre o evanxelismo o pasado maio. Agora constrúe "unha historia sobre a teoría do plaxio, sobre a tentación do escritor de realizar un plaxio". "Estruturo coidadosamente a escrita; nunca teño escaseza de temas: perséguenme", remata Alcalá. "Eu creo nas musas, na parte bohemia da literatura", salienta Xosé Carlos Caneiro. "e, aínda que ao comezar a escribir xa sei por onde debo traballar, o cauce da novela pódeme levar por outros camiños". O verinés sacará a comezos de 2008 as 700 páxinas d'*A vida nova de Madame Bovary*. Anxo Angueira, pola contra, realiza un demorado "traballo de campo" e precisa da madrugada para "o exercicio físico da escrita".

María do Cebreiro, que recén acabou dous volumes de poemas -*Non son de aquí* e *Cuarto de outono*- recoñece na folla "un territorio descoñecido" na que ela se instala como exploradora. "Nunca sinto ansiedade ante o vacío da páxina", conclúe. Xabier Cordal non balboa: "Perante a folla en branco intento non ser un estorbo".